

::Axenda cultural AELG::

Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega

XIII Curso de Formación. A LIX. Relacións texto-imaxe: Obras imprescindibles para o ensino primario e secundario sobre a representación do mundo árabe na LIX

Publicado o [18 Novembro 2016](#) por [asociacionescritoras-es](#)

A [AELG](#)



colabora coa Universidade de Santiago mediante o patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística no [XIII Curso de Formación. A LIX. Relacións texto-imaxe: Obras imprescindibles para o ensino primario e secundario sobre a representación do mundo árabe na LIX](#), que terá lugar do 11 ao 18 de novembro de 2016.

O presente curso ten como finalidade formar e informar sobre a representación do mundo árabe na Literatura Infantil e Xuvenil a partir das relacións texto-imaxe, co obxectivo de salientar aquelas obras que se consideran imprescindibles para a formación lectora no ensino primario e secundario e así axudar á planificación da educación literaria e artística. Esta formación está xeralmente excluída, ou pouco ofertada, nos planos de estudio actuais, malia a súa transcendencia en ámbitos básicos como a formación e comprensión lectora e escrita. Analizaranse obras imprescindibles, realizaranse talleres literarios e artísticos e encontros con autores que representaron estes conflitos nas súas obras. Polo tanto, o tema específico a tratar é Obras imprescindibles para o ensino primario e secundario sobre a representación do mundo árabe na LIX.

Datas de realización:

11-12 e 18 de novembro de 2016

Lugares de realización:

- Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Rúa San Roque, 2, 15704, Santiago de Compostela).
- Biblioteca Afundación (Rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16, 15701, Santiago de Compostela).

Requisitos de acceso:

Mestres/as e profesorado de ensino secundario e bacharelato. Calquera persoa interesada no tema.

Matrícula:

Ata o **10 de novembro de 2016**

Prezo e núm. de conta e concepto para efectuar o ingreso:

25 € / BANCO SANTANDER ES40-0049-2584-9022-1400-2210 / Workshop/Seminario e XIII Curso de Formación: “Obras imprescindibles para o ensino primario e secundario sobre a representación do mundo árabe na LIX”.

Prazos de pagamento de matrícula:

Un único prazo.

Número de prazas:

150

PROGRAMA

Venres 11 de novembro

Lugar de celebración Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Rúa de San Roque, nº 2, 15704, Santiago de Compostela).

17:30-18:00 h. Recollida do material.

18:00-18:30 h. Inauguración.

Secretario Xeral de Política Lingüística, directora do Instituto de Ciencias da Educación, director da Biblioteca Afundación e directoras do curso.

18:30-19:30 h. Conferencia.

Representación do mundo árabe na LIX: unha perspectiva necesaria. Cláudia Sousa Pereira (Universidade de Évora, Departamento de Lingüística e Literaturas).

19:30-20:30 h. Presentación das obras

– *A Grey Background in Children’s Literature: Death, Shipwreck, War, and Disasters* (Iudicium, 2016), Rocío García Pedreira.

– *Reflexos das dúas guerras mundiais na LIX* (Xerais, 2015), [Armando Requeixo](#).

– *Memória(s) e Identidade* (Tropelias&Companhia, 2016); *Un lustro de lecturas para la infancia y la juventud* (USC, 2016), Ana María Porto, directora do Instituto de Ciencias da Educación.

– Revistas *Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil* (USC) e *Boletín Galego de Literatura* (USC), [Mar Fernández Vázquez](#).

20:30-21:30 h. Visionado e comentario dun filme.

Sábado 12 de novembro

Lugar de celebración: Biblioteca Afundación (Rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16, 15701, Santiago de Compostela).

10:00-11:00 h. *Como levar ás aulas do ensino secundario as obras imprescindibles sobre a representación do mundo árabe na LIX.* [Eulalia Agrelo Costas](#) (ICE-USC)

11:00-11:30 h. Propostas para o Taller de Ilustración.

11:30-12:00 h. Descanso.

12:00-13:00 h. Encontro de Marcos Calveiro con [Marta Neira Rodríguez](#) (USC).

13:00-14:00 h. Encontro de Fina Casalderrey con [Isabel Mociño](#) (UVigo).

Venres 18 de novembro

Lugar de celebración: Biblioteca Afundación (Rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16, 15701, Santiago de Compostela)

18:00-19:00 h. *Como levar ás aulas do ensino primario as obras imprescindibles sobre a representación do mundo árabe na LIX.* [Carmen Ferreira Boo](#) (ICE-USC).

19:00-20:30 h. Taller de ilustración: *Achega a propostas artísticas contemporáneas que tratan a representación do mundo árabe.* Olalla Cortizas Varela, Cristina Trigo Martínez e Guillermo Calviño Santos (USC).

20:30-21:00 h. Clausura.

[Rosalía Fernández Rial](#), vogal de novos formatos da escrita da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

Directora do Instituto de Ciencias da Educación.

Director da Biblioteca Afundación e directoras do curso.

Entrega de certificacións

Información

Universidade de Santiago de Compostela – Instituto de Ciencias da Educación (ICE)

Telf. 881814470/881814475/881814478

icesecretaria@usc.es blanca.roig@usc.es

[Marta Neira Rodríguez](mailto:Marta.Neira.Rodriguez@ceu.es) marta.neirarodriguez@ceu.es marta.neira@usc.es

Universidade de Vigo

[Isabel Mociño González](#)

imocino@uvigo.es

Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)

oficina@aelg.org

Biblioteca Afundación

Telf. 981 59 34 67

biblio.santiago@afundacion.org

Colaboran

Biblioteca Afundación

Rede Temática “As Literaturas Infantís e Xuvenís do Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIXMI)

Centro de Investigación de Procesos e Prácticas Culturais Emerxentes (CIPPCE) – USC

Asociaciós: ANILIJ-ELOS; ELOS-GALICIA
Asociación de antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela

Directoras

[Blanca-Ana Roig Rechou](#)

Carmen Franco Vázquez

Universidade de Santiago de Compostela

Coordinación e secretaría

María Josefa Mosteiro García

Instituto de Ciencias da Educación. Universidade de Santiago de Compostela

[Marta Neira Rodríguez](#)

Universidade de Santiago de Compostela/Escola Universitaria CEU de Maxisterio de Vigo

[Isabel Mociño González](#)

Universidade de Vigo